




Local Comarcal
Travesía da Torre 2, 1º
15300 Betanzos (Galiza)

Teléfono
981776466

Correo electrónico
betanzos@bng-galiza.org

Páxina web
<http://betanzos.bng.gal>



Henrique del Río Otero, concelleiro do grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO- ASEMBLEAS ABERTAS no Concello de Betanzos, requerido pola Alcaldía para formular propostas de actuacións para incluír en vindeiros plans financiados pola Deputación da Coruña (POS,PAS, DTC, etc) pasa a suxerir as seguintes:

- acondicionamento dos locais de ensaio (renovación do equipamento eléctrico, impermeabilizado de cubertas e tabiques, insonorización,...)
- amaño da traseira da escola infantil municipal (renovación do aseo existente, substitución do areeiro e resto do baixocuberta por espazo para deixar os carros mentres se recollen as crianzas e patio cuberto,...)
- rehabilitación e posta en valor da fonte dos Cabalos e acceso ao recinto da Feira Nova desde o Campo
- construción de depuradoras ecolóxicas nos núcleos sen saneamento (sistema de depuración por brañas artificiais)
- adquisición de lonas decoradas para cubrir solares en ruínas no Casco Histórico
- adquisición de equipamento audiovisual portátil para actos no Alfonsetti e demais locais municipais sen equipamento
- renovación de servizos e pavimentación no primeiro tramo da rúa Nova e as venelas dos Clérigos
- Construción dun Centro de Interpretación do Pasatempo nos baixos da grada da parte nova do parque (redistribución dos aseos, renovación de servizos, acondicionamento do local e instalación do centro de interpretación, etc)

Betanzos, 3 de novembro de 2016